



EN QUE CONSISTE E PARA QUE SERVE A INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA?

A investigación biomédica persegue o coñecemento de todo aquilo que inflúe tanto no estado saudable como na enfermidade. Sen este coñecemento, moitos dos avances que hoxe en día posuimos na prevención, diagnóstico e tratamento de enfermidades non habían sido posibles.

En definitiva, trátase de favorecer unha implantación mellor e más rápida dos avances científicos na práctica clínica habitual.

QUE É UN BIOBANCO?

Establecemento público ou privado, sen ánimo de lucro, no que se conservan mostras biolóxicas para a súa utilización na investigación biomédica.

QUE TIPO DE MOSTRAS PODEN CONSERVARSE NUN BIOBANCO?

Tecidos, células, sangue e outros líquidos biolóxicos.

QUEN SOLICITA DITAS MOSTRAS?

Calquera investigador/a, sempre que o seu proxecto de investigación obteña previamente a aprobación do seu Comité de Ética. A solicitude de mostras será avaliada polos comités asociados de cada biobanco (Comité de Ética e Comité Científico) e, no caso de que ambos os comités o autoricen, as mostras poderán ser cedidas.

QUEN PODE COLABORAR?

Todas aquelas persoas sas ou enfermas, sen restrición de idade, que vaian ser sometidas a calquera procedemento clínico nun centro hospitalario público (SERGAS). Os familiares das personas falecidas poden tamén autorizar a utilización de tecidos procedentes da autopsia, sempre que non conste oposición por parte do/a falecido/a.

COMO SE PODE COLABORAR?

Para colaborar cos biobancos galegos é necesario asinar un consentimento informado que autorice o estudo, con fins de investigación, tanto do exceso de material biolóxico extraído durante a súa atención sanitaria, así como a información clínica asociada.

- Maiores de idade: mediante a sinatura de dito consentimento informado.
- Menores de idade: ambos os proxenitores-representantes legais deberán expresar o seu consentimento expreso.
- Familiares de personas falecidas: en caso de non existir oposición expresa por parte do/a falecido/a, os familiares directos deberán expresar a súa autorización.

QUE GARANTÍAS TEÑEN OS/AS PACIENTES DE QUE AS MOSTRAS VAN SER UTILIZADAS CORRECTAMENTE E SE VAI RESPECTAR A SÚA INTIMIDADE?

Non se someterá o paciente a ninguna proba nin risco adicional aos que deriven da súa axeitada atención médica.

A doazón da mostra non impedirá que vostede ou a súa familia poida usala, cando sexa necesario por motivos de saúde, sempre que estea disponible.

A súa mostra, así como a súa información clínica asociada, irá identificada cun código, nunca se revelará a identidade do paciente.

Os resultados das investigacións científicas publicaranse como resultado da totalidade das mostras e non dos resultados individuais de cada paciente.

A doazón ten carácter altruista, polo que o paciente non obterá ningún beneficio económico por ela mesma.

Os biobancos terán á súa disposición a información sobre os proxectos de investigación onde se utilicen as mostras e datos.

O paciente ten dereito a coñecer a información obtida coa análise da súa muestra, ou a non coñecela se así o desexa.

O paciente poderá revogar o seu consentimento en calquera momento.



CONTACTA CONNOSCO

BIOBANCO A CORUÑA

Instituto de Investigación Biomédica da Coruña
Hospital Materno Infantil "Teresa Herrera"
As Xubias, 84. 15006 A Coruña
Teléfono: 981 176 436
biobanco.chuac@sergas.es
www.inibic.es/biobanco/presentacion.html

BIOBANCO LUGO

Hospital Universitario Lucus Augusti
Planta 3, Servizo de Anatomía Patolóxica
C/ Ulises Romero. Nº 1. 27003. Lugo.
Teléfono: 982 296 601
biobanco.hula@sergas.es

BIOBANCO SANTIAGO

Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS)
Complexo Hospitalario Universitario de Santiago
Planta-3, Servizo de Anatomía Patolóxica
Travesía da Choupana S/N.
15.706 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 955 148 - 981 950 000 (Ext 255 148)
biobanco.apa.santiago@sergas.es
www.idisantiago.es/biobanco

BIOBANCO VIGO

Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur
Hospital Álvaro Cunqueiro - Bloque Técnico,
PLANTA 2. Avda. Clara Campoamor, 341. 36312, Vigo
Tlfns: 986 217 453 (Ext 515 453)
biobanco.iisgs@sergas.es
www.biobanco.iisgaliciasur.es

INTERESAD@ NO AVANCE DA INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA?

BENVID@ Á REDE GALEGA DE BIOBANCOS!



**Rede Galega de
BIOBANCOS**



**XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE**

